

*Disposición adicional segunda*

As federacións adecuarán os seus respectivos estatutos ás disposicións contidas nesta orde antes de iniciar o proceso electoral correspondente ao actual período.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 1 de abril de 2006 pola que se convocan prazas e axudas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias e de réxime especial, no próximo ano académico 2006-2007.*

O Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), polo que se transforman os centros de ensinanzas integradas en institutos de educación secundaria e en centros residenciais docentes, faculta, na súa disposición derradeira, parágrafo 1º, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e execución no disposto nel.

Na súa virtude, e consonte o establecido no artigo 8 do citado decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:****Capítulo I  
Condicións xerais****Artigo 1º**

1. Convócanse prazas e axudas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para alumnos de ambos os dous sexos e para os estudos que se indican nos centros que se detallan no anexo I, así como para todas aquelas ensinanzas postobrigatorias non universitarias, que os ditos centros teñan autorizadas para o curso 2006/2007, e que proximamente se publicarán no DOG.

2. O número de prazas de residencia serán as correspondentes ás vacantes que se produzan para o curso 2006-2007, e faranse públicas no momento de se producir.

**Artigo 2º**

1. De conformidade co artigo 8 do Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), as prazas dos centros residenciais docentes levan implícita a admisión, no instituto de educación secundaria creado ao abeiro do devandito decreto, exceptuando os ciclos superiores.

2. No caso de que a solicitude sexa feita coa finalidade de cursar especialidades que non se impartan nos institutos de educación secundaria citados no punto anterior, a adxudicación de praza de residencia terá carácter provisional. A adxudicación farase definitiva cando o interesado presente, na secretaría do centro residencial docente respectivo, xustificante acreditativo de que foi admitido no instituto en que se imparta a devandita especialidade, que necesariamente ten que ser da mesma localidade que o centro residencial docente. Para estes efectos enténdese que a localidade do centro residencial docente da Coruña e, ademais de Culleredo, a cidade da Coruña.

3. A adxudicación, con carácter provisional, da praza de residencia, permitiralle ao solicitante considerar como domicilio o centro residencial docente, para os únicos efectos de valoración por proximidade do domicilio no proceso de admisión de centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2006/2007. A certificación que se lle expida, terá a mesma validez que a certificación do concello para os efectos da Orde do 6 de abril de 1995 (DOG do 6 de maio) pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en bacharelato e ciclos formativos de grao medio, en centros sostidos con fondos públicos.

**Artigo 3º**

1. Poderán concorrer a esta convocatoria todos aqueles que reúnan os requisitos académicos previstos na LOXSE (Lei 1/1990 do 3 de outubro), e que desexen proseguir os seus estudos nos centros indicados no artigo anterior como residentes nos respectivos centros residenciais docentes, así como os actuais residentes dos centros residenciais docentes que rematen un nivel educativo ou ciclo, se desexan seguir como tales no seguinte nivel ou ciclo.

2. Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acreditar as circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral, esta circunstancia será a de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos, que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. Para tal obxecto, as delegacións provinciais da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria emitirán o correspondente informe na solicitude do aspirante. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

3. Obterán praza gratuíta aos residentes, cuxo limiar de renda familiar non exceda o que se fixe na convocatoria de bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral.

Os que superen ata un 10%: 483 €.

Os que superen en máis dun 10% e ata un 20%: 738 €.

Os que superen en máis dun 20% e ata un 30%: 1.171 €.

Os que superen en máis dun 30%: 1.760 €.

O aboamento da participación económica poderase fraccionar ata nun máximo de tres prazos trimestrais anticipados.

## Capítulo II Normas de procedemento

### Artigo 4º

1. As solicitudes dos aspirantes formalizaranse de acordo co modelo que figura no anexo II desta orde.

2. As solicitudes poderanse presentar nos centros residenciais docentes, directamente ou a través das dependencias establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para estes efectos, os rexistros dos centros docentes non se considerarán incluídos dentro das dependencias enumeradas no artigo 38.4º da devandita lei.

No caso de optar por presentar a súa solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Establécese un período extraordinario na primeira quincena do mes de setembro destinado as ensinanzas autorizadas pola administración educativa con posterioridade á publicación da dita orde, así como para os ciclos formativos.

3. Os funcionarios receptores deberán cotexar a veracidade dos datos reflectidos na folla de solicitude, requirindo dos interesados a documentación que para tal efecto consideren necesaria; igualmente comprobarán que as follas de solicitude estean cubertas en todos os seus puntos. Todas as follas estarán asinadas polo funcionario receptor correspondente.

4. Unha vez recibidas polos centros residenciais docentes, as solicitudes serán remitidas ás delega-

cións provinciais correspondentes, que coa maior brevidade posible, emitirán o preceptivo informe e serán devoltas aos centros.

### Artigo 5º

As axudas para gastos residencias concederanse total ou parcialmente, segundo o nivel de renda familiar e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Artigo 6º

O proceso de selección dos aspirantes axustarase ao disposto nos artigos seguintes.

## Capítulo III Selección de aspirantes Sección I Requisitos académicos

### Artigo 7º

1. Para poder desfrutar das axudas reguladas nesta orde será preciso o cumprimento dos requisitos exixidos para o efecto pola lexislación académica vixente para poder acceder ao curso que se solicite, sempre que non teña máis de dúas materias pendentes.

2. Sempre que se cumpran os requisitos académicos previstos no parágrafo anterior e que non variasen as circunstancias que motivaron a concesión, a renovación das axudas para os diferentes cursos dun mesmo nivel ou grao educativo producirase de xeito automático.

### Artigo 8º

1. Non se concederá praza de residencia para repetir curso.

## Sección II Criterios de valoración para a concesión de praza

### Artigo 9º

A valoración das solicitudes admitidas abranguerá dúas cualificacións: a socio-económica e a académica.

### Artigo 10º

A valoración socio-económica obterase ao aplicar o baremo establecido de acordo cos seguintes criterios: renda familiar, composición do grupo familiar, condición de orfandade ou calquera outra situación familiar especial e o número de habitantes do lugar de residencia familiar.

### Artigo 11º

1. Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos obtidos por todos os membros computables, calquera que sexa a súa procedencia, no ano 2004 e entenderase que son ingresos de base da familia.

2. Os titulares de explotacións agropecuarias computarán como ingresos o valor dos produtos daquelas que sexan utilizadas para o seu propio consumo.

3. Os ingresos familiares dos solicitantes cuxos os pais sexan españois residentes no estranxeiro poderanse consignar en moeda propia do país en que se obteñan; o cálculo do seu contravalor en euros farase aplicando o tipo oficial que dea un resultado menor e que tivese a moeda respectiva o 2 de xaneiro do ano en que se solicite a axuda, e computarase tan só un 75% deste.

4. Os aspirantes deberán achegar unha copia selada da declaración formulada para o imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano a que se refiran os ingresos consignados na solicitude a partir da data en que remate o prazo establecido para presentar tal declaración tributaria, ou ben código electrónico de 16 caracteres alfanuméricos. Se os ingresos de base declarados para solicitar a praza fosen diferentes a aqueles que figuran na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presumírase, salvo xustificación en contra, que houbo ocultación de ingresos, e procederá, en consecuencia, a denegar a praza de residencia ou as prestacións solicitadas.

#### Artigo 12º

1. Consideraranse membros da unidade familiar:

O solicitante, o pai, a nai e os irmáns menores de idade que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria postestade prorrogada ou rehabilitada.

2. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel dos pais que non conviva co solicitante, sen prexuízo de quen os ingresos de base da familia se inclúa a súa contribución económica.

Non obstante, terá a consideración de membro computable, de ser o caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, tendo que incluír a renda e o patrimonio.

3. Nos casos en que o solicitante alegue a súa independencia familiar, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar suficientemente esta circunstancia e o seu domicilio, así como o pagamento de aluguer da vivenda, se é o caso, e dos medios económicos con que conta. De non xustificar suficientemente estes datos, a solicitude será sometida a exame pormenorizado con comprobación da renda e a situación real do solicitante.

#### Artigo 13º

1. Ao cociente dos ingresos anuais polo número de membros computables da familia adxudicáraselle a seguinte puntuación:

	<u>Puntos</u>
Ata 3.904,00 €	10
De 3.904,01 a 4.429,00	8
De 4.429,01 a 4.961,00	7
De 4.961,01 a 5.484,00	6

#### Puntos

De 5.484,01 a 6.060,00	5
De 6.060,01 a 6.540,00	4
De 6.540,01 a 7.072,00	3
De 7.072,01 a 7.596,00	2
De 7.596,01 a 8.126,00	1
Máis de 8.126,00 €	0

2. Engadírase 0,50 puntos por cada un dos irmáns residentes no mesmo centro residencial docente a que aspire o solicitante.

3. Engadírase 0,50 puntos por cada un dos irmáns, incluído o solicitante, que integre o grupo familiar de acordo co establecido no artigo 12º desta orde.

4. Aos aspirantes en situación de orfandade incrementaráselles a puntuación en 10 puntos; en 15 se se trata de orfandade absoluta.

5. Aos aspirantes con circunstancias familiares especiais engadíranse ata 5 puntos. Consideraranse neste punto situacións tales como fillos de españois residentes no estranxeiro; familias con membros diminuídos física, psíquica ou sensorialmente, sempre que da incapacidade se derive a imposibilidade de obter ingresos de natureza laboral; cando o cabeza de familia sexa inválido ou estea afectado de enfermidade permanente que o imposibilite para o traballo, e que a súa única fonte de ingresos sexa a pensión percibida pola dita invalidez ou que estea en situación de paro, sen percepción do subsidio de desemprego e existan dificultades de escolarización que valorará o tribunal cualificador.

6. En atención ao número de habitantes da entidade singular de poboación en que resida a familia, engadíranse os seguintes puntos, de acordo co previsto no artigo 10º.

	<u>Puntos</u>
Entidades de menos de 1.000 habitantes	5
Entidades de 1.001 a 2.000 habitantes	4
Entidades de 2.001 a 5.000 habitantes	3
Entidades de 5.001 a 10.000 habitantes	2
Entidades de 10.001 a 20.000 habitantes	1
Entidades de máis de 20.000 habitantes	0

7. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán propoñer á consideración do tribunal cualificador casos concretos de solicitantes que presenten unha problemática excepcional ou que residan en zonas con grandes dificultades de escolarización. O tribunal cualificador, considerando esta circunstancia, poderalles outorgar a estes aspirantes a puntuación que resulte adecuada para a obtención de praza.

#### Artigo 14º

O rendemento académico dos aspirantes valorarase numericamente pola nota media das disciplinas correspondentes ao curso anterior, neste sentido, e

para efectos do cómputo da nota media, utilizarase a seguinte táboa de equivalencias:

	<u>Puntos</u>
Moi deficiente ou non presentado	1
Insuficiente ou non apto	3
Suficiente, apto ou convalidado	5,5
Ben	6,5
Notable	7,5
Sobresaliente	9

#### Capítulo IV

##### Adxudicación de prazas de residencia

###### Artigo 15º

Os centros residenciais docentes remitirán á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, con anterioridade ao 10 de maio, o número de vacantes co fin de que o tribunal cualificador poida establecer os criterios para a súa cobertura.

###### Artigo 16º

Un tribunal cualificador valorará as solicitudes. Estará composto como segue:

-Presidente: a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-Vogais: un representante de cada un dos centros residenciais docentes.

-Un representante do Servizo de Promoción Estudiantil das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Un representante da Inspección Central.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario.

###### Artigo 17º

1. O tribunal cualificador, en vista das solicitudes presentadas e do número de prazas dispoñibles, establecerá unha nota mínima, tanto na fase de valoración socio-económica como na valoración académica, para cada un dos cursos nos niveis ou graos que os solicitantes vaian realizar. O tribunal cualificador excluírá aos aspirantes que non acaden as devanditas notas mínimas, e comunicarállelo antes de finalizar o mes de xuño.

2. Só os solicitantes que alcancen as notas mínimas na valoración socio-económica e académica establecidas polo tribunal cualificador terán acceso á fase de selección.

3. A puntuación total obterase da suma das valoracións socio-económica e académica.

###### Artigo 18º

1. Antes do 10 de xuño, o tribunal cualificador elevará á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa proposta de concesión das prazas de residencia, así como relación de solicitantes

declarados suplentes para cubrir as vacantes que se produzan.

De acordo co disposto na vixente Lei de procedemento administrativo, a resolución da convocatoria comunicaráselles aos interesados e aos centros, e daráselles aos primeiros un prazo de reclamación de 15 días, desde a data de notificación desa resolución, para alegacións.

As reclamacións serán resoltas no prazo de quince días naturais pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Antes do 15 de xullo, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa resolverá a concesión das prazas de residencias, que lles será comunicada aos interesados e indicará a decisión adoptada sobre as súas solicitudes. Aos admitidos con praza e aos suplentes sinalaráselles o centro residencial docente a que son destinados.

No caso de non haber resolución expresa, as solicitudes entenderáanse desestimadas.

3. Na mesma data remitiráselle aos centros residenciais docentes a relación de residentes destinados a estes, así como os suplentes que se nomeasen para cubrir as vacantes que se produzan.

###### Artigo 19º

As prazas de residencia convocadas para cada centro cubriranse tendo en conta a puntuación total obtida polos aspirantes e a localización do seu domicilio en relación coa dos centros residenciais docentes respectivos e as posibilidades de desprazamento aos seus domicilios, co obxecto de facilitar a convivencia familiar durante os días non lectivos e as vacacións.

#### Capítulo V Adxudicación das axudas

###### Artigo 20º

A resolución provisional das axudas dos residentes seralles comunicada aos centros residenciais docentes pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa antes do 20 de xuño de 2006.

###### Artigo 21º

Os respectivos centros residenciais docentes, en calquera momento do curso 2006-2007, elevarán propostas de revisión de axudas á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa daqueles beneficiarios aos cales as condicións particulares se lles modifiquen.

#### Capítulo VI Comprobación de requisitos

###### Artigo 22º

Os centros residenciais docentes poñeranse en contacto cos residentes titulares e suplentes que lles fosen destinados, e reclamaranlles a documentación necesaria para verificar o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria.

Capítulo VII  
Reclamación e recursos

Artigo 23º

Resultas as reclamacións formuladas, as adxudicacións definitivas faranse públicas nos taboleiros de anuncios dos respectivos centros residenciais docentes. Contra esta resolución definitiva poderán interpoñerse recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde a súa publicación, como previo á xurisdición contencioso-administrativa.

Capítulo VIII  
Incorporación dos alumnos seleccionados

Artigo 24º

1. Os centros residenciais docentes, unha vez coñecidos os residentes titulares que se van incorporar por reunir os requisitos exixidos na convocatoria e por aceptar a praza, procederán a avisar os suplentes por orde de lista para cubrir as vacantes que se producisen. Para tal efecto formularán consulta previa coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para coñecer se hai que reservar praza para algún aspirante unha vez resultas as posibles reclamacións recibidas.

2. Aos suplentes que non pasen a titulares comunicaranlles esta circunstancia os respectivos centros residenciais docentes.

3. Queda absolutamente prohibida a incorporación de residentes non beneficiarios mentres non se esgote a relación de residentes que superasen as notas mínimas a que se fai referencia no artigo 17º nos estudos correspondentes.

4. Os residentes incorporados quedarán suxeitos ás normas de réxime interno do centro.

5. O estado de saúde do residente, que se acreditará documentalmente no momento da incorporación ao centro, deberá permitir o normal desenvolvemento da vida residencial ou docente, se é o caso.

6. Os residentes que non se incorporen aos centros residenciais docentes nas datas que cada centro sinala para o inicio do curso escolar, non poderán desfrutar da praza de residencia, e perderán os seus dereitos, salvo nos casos de forza maior, apreciados polo xerente, oído o consello de residencia.

7. As normas de incorporación serán elaboradas polos respectivos centros residenciais docentes, que deberán poñelas en coñecemento dos seus residentes con 10 días de antelación. Cada centro enviará copia das súas normas de incorporación á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no momento do seu envío aos residentes.

8. Cada centro residencial docente será responsable de que todos os residentes que efectúen a súa incorporación reúnan os requisitos exixidos na convocatoria, segundo o establecido no artigo 22º.

Artigo 25º

A falsidade de datos ou a falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se domostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda total dos dereitos do solicitante, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houbese lugar, logo da apertura do correspondente expediente.

Artigo 26º

1. A perda da condición de alumno do centro onde debía cursar os estudos para os que lle foi concedida a axuda, determinará a perda desta e, así mesmo, a condición de residente do centro residencial docente.

2. Igualmente, cesarán no desfrute das axudas como consecuencia de sanción disciplinaria ou baixo rendemento académico, de acordo coa normativa vixente, logo do oportuno expediente.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Estudantes non beneficiarios. Os estudantes que non teñan concedidas axudas poderán desfrutar dalgún ou varios dos servizos de residencia, sempre que exista dispoñibilidade para iso, mediante o aboamento do seu importe, de acordo coas cantidades fixadas para os residentes que excedan os módulos máximos. Nese caso, a utilización dos devanditos servizos suporá o compromiso tácito do estrito cumprimento da normativa de convivencia establecida polos respectivos centros residenciais docentes.

Segunda.-Desprazamento dos residentes aos seus domicilios familiares. Co obxecto de facilitar a convivencia familiar dos residentes e tendo en conta as posibilidades e duración dos desprazamentos, os centros programarán estes durante as fins de semana e grupos de días festivos coa periodicidade aconsellable. En todo caso, os gastos de desprazamento serán de conta dos propios residentes.

Terceira.-Compatibilidades. Estas axudas poderán ser compatibles coa axuda compensatoria e a axuda para gastos determinados por razón de material escolar da convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo.

Cuarta.-En todo o non regulamentado por esta orde serán de aplicación as normas vixentes en materia de bolsas e axudas ao estudo.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

ANEXO I

Centro residencial docente da Coruña

CENTRO	BACHARELATO LOXSE	CICLOS GRAO MEDIO	CICLOS GRAO SUPERIOR
IES CRUCEIRO BALEARES	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS -TECNOLOXICO	-PESCA E TRANSPORTE MARITIMO -OPERACIÓN, CONTROL E MANTENIMENTO DE MÁQUINAS E INSTALACIÓNS DO BUQUE -MONTAXE E MANTENIMENTO DE INSTALACIÓNS DE FRÍO, CLIMATIZACIÓN E PRODUCCIÓN DE CALOR -EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS -EQUIPAMENTOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO	-DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INSTALACIÓNS DE FLUIDOS, TÉRMICAS E DE MANTENIMENTO -MANTENIMENTO E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE EDIFICIO E PROCESO -ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS -DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS -SUPERVISIÓN E CONTROL DE MÁQUINAS E INSTALACIÓNS DO BUQUE -NAVEGACIÓN, PESCA E TRANSPORTE MARITIMO -INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS -PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS
IES URBANO LUGRIS	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -TECNOLOXICO	-EQUIPAMENTOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO -INSTALACIÓN E MANTENIMENTO ELECTROMECAÁNICO DE MAQUINARIA E CONDUCCIÓN DE LINAS	-SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS -SISTEMAS DE REGULACIÓN E CONTROL AUTOMÁTICOS -DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS -INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS
IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-XESTIÓN ADMINISTRATIVA - EXPLOTACIÓNS DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	-ADMINISTRACIÓN E FINANZAS -DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS -SECRETARIADO -ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS
IES ANXEL CASAL	-SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-FARMACIA -CÓIDAS AUXILIARES DE ENFERMARÍA - ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	-EDUCACIÓN INFANTIL -HIXIENE BUCODENTAL -INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS -ANATOMÍA PATOLÓXICA E CITOLOXÍA -DIETÉTICA -IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO -LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO -PRÓTESES DENTAIS -INTEGRACIÓN SOCIAL -AUDIOPRÓTESE -RADIOTERAPIA
IES SOMOSO	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -TECNOLOXICO	-FABRICACIÓN A MEDIDA E INSTALACIÓN DE CARPINTARÍA E MOBLE -ELECTROMECAÁNICA DE VEHICULOS -MECANIZADO -PERRUCARÍA -ESTÉTICA PERSOAL DECORATIVA -CARROZARÍA -SOLDADURA E CALDEIRARÍA	-PRODUCCIÓN POR MECANIZADO -PRODUCCIÓN DE MADEIRA E MOBLE -AUTOMOCIÓN -ESTÉTICA -DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS URBANÍSTICOS E OPERACIÓNS TOPOGRÁFICAS -DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN -REALIZACIÓN E PLANOS DE OBRA
IES A DORMIDERAS	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS -ARTES		
IES MONTE DAS MOAS	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS -TECNOLOXICO		
IES IMAXE E SON	NON		-IMAXE -SON -PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS, RADIO E ESPECTÁCULOS -REALIZACIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS
IES Nº 1 A SARDIÑEIRA	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	-LABORATORIO	-ANÁLISE E CONTROL -INDUSTRIAS DE PROCESO QUÍMICO
IES EUSEBIO DA GUARDA	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		-AXENCIAS DE VIAXES -INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS
IES ÁGRA DO ORZÁN	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		-ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS
IES PASEO DAS PONTES	- HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. - CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE	-COCINA - SERVICIOS DE RESTAURANTE E BAR - CONFECCIÓN	- RESTAURACIÓN - INDUSTRIA ALIMENTARIA - PATRONAXE
IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	-COMERCIO	-XESTIÓN COMERCIAL E MARKETING -COMERCIO INTERNACIONAL

ESCOLA DE ARTE "PABLO PICASSO"	DESEÑO DE INTERIORES	VOLUME	-DESEÑO GRÁFICO	CICLO MEDIO.-DORADO E POLICROMÍA CICLO SUPERIOR: -GRÁFICA PUBLICITARIA -PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS DE DECORACIÓN -CERÁMICA ARTÍSTICA -ILUSTRACIÓN -ARTES APLICADAS DA ESCULTURA -PS FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA
CONSERVATORIO DE MÚSICA SUPERIOR				
TOCOS OS INSTRUMENTOS AUTORIZADOS				
CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO				
TODAS AS ENSEÑANZAS AUTORIZADAS				

**CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS****CICLOS SUPERIORES****CICLOS MEDIOS**

CERVANTES	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO			
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA FARMACIA		IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO	
FOGAR DE SANTA MARGARITA	COMERCIO			
KARBO	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO			
LA GRANDE OBRA DE ATOCHA	XESTIÓN ADMINISTRATIVA			
LICEO LA PAZ	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA			
LÓPEZ Y VICUÑA	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO		EDUCACIÓN INFANTIL	
NEBRUA	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA FARMACIA			
SAN ANDRÉS	XESTIÓN ADMINISTRATIVA			
TCHENICAL SCHOOL	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO			

SECRETARÍADO  
ADMINISTRACIÓN E FINANZAS  
DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS.

**Centro residencial docente de Ourense**

CENTRO	BACHARELATO LOXSE	CICLOS GRAO MEDIO	CICLOS GRAO SUPERIOR
IES UNIVERSIDADE LABORAL	-ARTES -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS -TECNOLÓXICO	-ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS -CARROZARÍA -MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE FRÍO.	-AUTOMOCIÓN -MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO INDUSTRIAL
IES PORTOVELLO (AS LAGOAS)	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-XESTIÓN ADMINISTRATIVA -COMERCIO ATENCIÓN SANITARIA	-ADMINISTRACIÓN E FINANZAS -CICLO SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL -XESTIÓN COMERCIAL E MARKETING -INTEGRACIÓN SOCIAL -SECRETARIADO
IES 12 DE OUTUBRO	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -TECNOLÓXICO	-EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS -MECANIZADO -PERRUCARÍA	-ESTÉTICA -PRODUCCIÓN POR MECANIZADO -INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS
IES A CARBALLEIRA (POLITECNICO)	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA - EXPLOTACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	-DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS -DIETÉTICA -SAÚDE AMBIENTAL -ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS -LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO

CENTRO	BACHARELATO LOXSE	CICLOS GRAO MEDIO	CICLOS GRAO SUPERIOR
IES A FARIXA	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -TECNOLÓXICO -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO	-DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS -DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN -DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS URBANÍSTICOS E OPERACIONS TOPOGRÁFICAS -SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS -INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS -AXENCIA DE VIAXES -ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS
IES AS LAGOAS	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		INDUSTRIA ALIMENTARIA
IES "XULLO PRIETO NESPEREIRA"	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	COCINA PASTELARÍA E PANADARÍA SERVIZOS DE RESTAURANTE E BAR	-RESTAURACIÓN
IES XESUS FERRO COUSELO	-HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS -CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE-		
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAIÏDE	DESEÑO GRÁFICO	DESEÑO DO MOBLE	CICLO MEDIO: -EBANISTARÍA ARTÍSTICA CICLO SUPERIOR: -PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS DE DECORACIÓN -GRÁFICA PUBLICITARIA -FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA -ILUSTRACIÓN -MOBLAXE

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL  
 TODOS OS INSTRUMENTOS AUTORIZADOS

**CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS**

CENTRO	CICLOS MEDIOS	CICLOS SUPERIORES
SAN MARTÍN	XESTÓN ADMINISTRATIVA COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	
SANTO CRISTO	XESTÓN ADMINISTRATIVA COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA FARMACIA COMERCIO PERRUCARÍA	
VALLE INCLÁN	COMERCIO XESTÓN ADMINISTRATIVA	

**Centro residencial docente de Vigo**

CENTRO	BACHARELATO LOXSE	CICLOS GRAO MEDIO	CICLOS GRAO SUPERIOR
IES MANUEL ANTONIO	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-CONFECCIÓN -COCINA -SERVIZO RESTAURANTE E BAR -LABORATORIO -PASTELARÍA E PANADARÍA	-ANATOMÍA PATOLÓXICA E CITOLOXÍA -ANÁLISE E CONTROL -LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO -QUÍMICA AMBIENTAL -PROTESES DENTAIS -RESTAURACIÓN
IES CARLOS CASARES	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -TECNOLÓXICO -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		
IES RICARDO MELLA	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAUDE -TECNOLÓXICO	-XESTÓN ADMINISTRATIVA -EQUIPAMENTOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO -COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	-ADMINISTRACIÓN E FINANZA -DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS -SAUDE AMBIENTAL -SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS -SECRETARIADO -IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO

CENTRO	BACHARELATO LOXSE	CICLOS GRAO MEDIO	CICLOS GRAO SUPERIOR
IES TEIS	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS -TECNOLÓXICO	-PERRUCARÍA -ESTÉTICA PÉRSOAL E DECORATIVA -EXPLOTACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	-ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS -DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS -ESTÉTICA
IES Nº1 DE VIGO (POLITÉCNICO)	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -TECNOLÓXICO -ARTES	-MECANIZADO -EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓN ELECTROTÉCNICAS -INSTALACIÓN E MANTENIMENTO ELECTROMECANICO DE MAQUINARIA E CONDUCCIÓN DE LÍNAS.	-DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN -PRODUCCIÓN POR MECANIZADO -SISTEMAS DE REGULACIÓN E CONTROL AUTOMÁTICO -INSTALACIÓN ELECTROTÉCNICAS -DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS URBANÍSTICOS E OPERACIÓN TOPOGRÁFICAS -MANTENIMENTO DE EQUIPAMENTO INDUSTRIAL -PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS -REALIZACIÓN E PLANOS DE OBRA
IES A GUÍA	-CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-COMERCIO	-COMERCIO INTERNACIONAL -ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS -XESTIÓN DO TRANSPORTE
IES VALENTÍN PAZ ANDRADE	-TECNOLÓXICO -HUMANIDADES E CC. SOCIAIS	-FABRICACIÓN Á MEDIDA E INSTALACIÓN DE CARPINTARÍA E MOBLE -ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS -CARROZARÍA -SOLDADURA E CALDEIRARÍA -MONTAXE E MANTENIMENTO DE INSTALACIÓN DE FRÍO, CLIMATIZACIÓN E PRODUCCIÓN DE CALOR	-AXENCIA DE VIAXES -AUTOMOCIÓN -INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS -DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS DE CARPINTARÍA E MOBLE
IES DE BOUZAS			-SON

TODOS OS INSTRUMENTOS AUTORIZADOS

CONSERVATORIO DE MÚSICA SUPERIOR

**CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS**

ALOYA	<b>CICLOS MEDIOS</b> XESTIÓN ADMINISTRATIVA COCINA	<b>CICLOS SUPERIORES</b> SECRETARIADO ADMINISTRACIÓN E FINANZAS RESTAURACIÓN	
CEBEM	XESTIÓN ADMINISTRATIVA	SECRETARIADO ADMINISTRACIÓN E FINANZAS DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS	
COLEGIO HOGAR CAIXANOVA	PREIMPRESIÓN ARTES GRÁFICAS EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO MECANIZADO EQUIPOS E INSTALACIÓN ELECTROTÉCNICAS SOLDADURA E CALDEIRARÍA IMPRESIÓN EN ARTES GRÁFICAS	SISTEMAS DE REGULACIÓN E CONTROL AUTOMÁTICO PRODUCCIÓN POR MECANIZADO DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS	
DANIEL CASTELAO	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO	ADMINISTRACIÓN E FINANZAS DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	
DIVINO MAESTRO	XESTIÓN ADMINISTRATIVA CIDADADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA		
FILLAS DE MARÍA INMACULADA	COMERCIO		
MENDIÑO	XESTIÓN ADMINISTRATIVA CIDADADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA COMERCIO		
MONTECASTELO	EQUIPOS E INSTALACIÓN ELECTROTÉCNICAS	DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS ELECTRÓNICOS DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS	
SAN MIGUEL	XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMERCIO EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO CIDADADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA		
VIVAS	XESTIÓN ADMINISTRATIVA CIDADADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA FARMACIA	DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	
SAN JOSÉ DE LA GUÍA		EDUCACIÓN INFANTIL INTEGRACIÓN SOCIAL	

ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Innovación Educativa

PROCEDEMENTO <b>OBTENCIÓN DE PRAZA DE ALUMNO RESIDENTE EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED306A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

IMPORTANTE: antes de cubrir este impreso lea as instrucións que figuran na última páxina. SEXO: H  1  M  0

**1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A**

Esta folia debe ser cuberta correctamente. Os cadros sombreados serán codificados pola Administración.

PRIMEIRO APELIDO										SEGUNDO APELIDO											
NOME										NIF					DATA DE NACEMENTO			PROVINCIA		NACEMENTO	
ENDEREZO FAMILIAR, RÚA, PRAZA, NÚMERO										DÍA		MES		ANO							
ENTIDADE DE POBOACIÓN										CONCELLO											
CÓDIGO POSTAL			PROVINCIA							TELÉFONOS DE LOCALIZACIÓN					(moi importante)						

**2. DATOS FAMILIARES (CABEZA DE FAMILIA)**

PRIMEIRO APELIDO										SEGUNDO APELIDO									
NOME										NIF									
Nº de fillos que dependen do cabeza de familia					Orfo absoluto			<input type="checkbox"/> 0		Circunstancias familiares especiais <input type="checkbox"/>									
Nº de membros que integran o grupo familiar					Outro tipo de orfandade			<input type="checkbox"/> 1											
					Ningunha das anteriores			<input type="checkbox"/> 2											

**3. ESTUDOS E CURSO QUE SOLICITA**

E. artísticas	<input type="checkbox"/>	Ciclo formativa grao medio	<input type="checkbox"/>
Música	<input type="checkbox"/>	Ciclo formativo grao medio	<input type="checkbox"/>
Bacharelato LOXSE	<input type="checkbox"/>	Ciclo formativo grao medio	<input type="checkbox"/>
Bacharelato LOXSE	<input type="checkbox"/>	Ciclo formativo grao medio	<input type="checkbox"/>
Outras	<input type="checkbox"/>	Ciclo formativo grao superior	<input type="checkbox"/>
		Ciclo formativo grao superior	<input type="checkbox"/>
		Ciclo formativo grao superior	<input type="checkbox"/>
		Ciclo formativo grao superior	<input type="checkbox"/>

NOTA: só se poderá solicitar para os estudos indicados. Para iso, marcarase cunha cruz o primeiro recadro dos que estean enfronte dos estudos que solicitan. No caso de que se desexe pedir varios tipos de estudos ou ramas, procederase a marcar o recadro correspondente a cada un deles, e no segundo recadro, porase a orde de preferencia.

NOME DO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE PARA O QUE SOLICITA (por orde de preferencia): \_\_\_\_\_

**4. CUALIFICACIÓNS DO CURSO ANTERIOR AO QUE É PREVIO AO SOLICITADO (ver instrucións) "CURSO 2004-2005"**

D./ Dª. \_\_\_\_\_ director/a/secretario/a do centro \_\_\_\_\_

CERTIFICO que o alumno \_\_\_\_\_ durante o curso que se indica, obtivo as cualificacións seguintes:

Curso 20\_\_ / 20\_\_ Estudos realizados: \_\_\_\_\_

1ª convocatoria \_\_\_\_\_

Outras convocatorias \_\_\_\_\_

ESTUDOS, CURSOS E, SE É O CASO, RAMA QUE ESTÁ REALIZANDO NO CURSO 2005 / 2006 \_\_\_\_\_

NOME DO CENTRO NO QUE ESTÁ REALIZANDO OS ESTUDOS NO CURSO 2005 / 2006 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

SINATURA E SELO, \_\_\_\_\_

NOTA: poranse numericamente as cualificacións. A táboa de conversión, se é o caso, será: moi deficiente ou anulación de convocatoria, 1; insuficiente ou suspenso, 3; suficiente, aprobado ou promocionado, 5,5; ben, 6,5; notable, 7,5; sobresaliente, 9.

**5. PARA CUBRIR POLO CONCELLO**

Don / Dona \_\_\_\_\_ alcalde/esa do concello de \_\_\_\_\_, certifico que o alumno \_\_\_\_\_, reside neste concello en \_\_\_\_\_ (rúa, praza e número) \_\_\_\_\_, en compañía de: \_\_\_\_\_ (Entidade de poboación, lugar, parroquia, etc.) (Código postal)

NIF	APELIDOS E NOME	IDADE	PARENTESCO

Tamén se fai constar que o número de habitantes da entidade de poboación de residencia é .....

Centro/s público/s de ensino secundario (IES) máis próximo/s do domicilio do solicitante: \_\_\_\_\_

Nome/s do/s centro/s públicos ou concertados: \_\_\_\_\_

Distancia en km do domicilio do solicitante: \_\_\_\_\_ Ten medios de comunicación que permitan o acceso diario con facilidade (indicar cales: transporte público, escolar ...): \_\_\_\_\_

Existen outras dificultades que impidan a súa escolarización: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

(Sinatura)

**6. INFORME DA DELEGACIÓN**

Informe que emite a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de \_\_\_\_\_ respecto da solicitude de praza de residencia do aspirante \_\_\_\_\_ de acordo co artigo 3.2º da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da convocatoria.

O aspirante de referencia non dispón na súa entidade de poboación de residencia de centro sostido con fondos públicos que imparta os estudos de (2) \_\_\_\_\_ non tendo ademais posibilidades de poder cursar os ditos estudos nun centro situado nunha localidade próxima, por non permitir os medios de comunicación da zona o acceso diario con facilidade.

Pode realizar os estudos de (2) \_\_\_\_\_ na súa localidade de residencia.

Pode realizar os estudos de (2) \_\_\_\_\_ na localidade de \_\_\_\_\_ que dista da súa \_\_\_\_\_ km, xa que os medios de comunicación da zona lle permiten o acceso diario con facilidade.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

(1) Póñase unha cruz no recadro correspondente.  
 (2) Indicar os estudos para os que solicita o aspirante. No caso de solicitar máis dun estudo o informe debe ser extensivo a todos eles.  
 NOTA: este informe é imprescindible para solicitar praza de residencia.

**7. CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS DOCUMENTALMENTE ACREDITADAS**

_____, _____ de _____ de 200 ____
-----------------------------------

**8. DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR REFERIDOS AO ANO 2004**

MOI IMPORTANTE.- Esta páxina deberá ser cuberta por todos os solicitantes e terá que coincidir coa declaración sobre a renda que deberá presentar no centro residencial docente no momento de confirmar a praza.

NIF	APELIDOS E NOME
-----	-----------------

1. INGRESOS	IMPORTES
a) Rendementos do traballo	
- Retribucións en diñeiro (soldos, pensións, anualidades por alimentos, etc.) .....	
- Retribucións en especies .....	
b) Rendementos de capital mobiliario	
- Xuros de contas, depósitos, etc. ....	
c) Rendementos de capital inmobiliario (excluída vivenda habitual)	
- Inmobles non afectos a actividades económicas .....	
- Arrendamentos .....	
d) Rendementos de actividades económicas .....	
e) Rendementos de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais .....	
f) Ganancias e perdas patrimoniais .....	
<b>TOTAL INGRESOS:</b>	
2. GASTOS DEDUCIBLES	IMPORTES
Seguridade Social, Muface .....	
Cotas sindicais e colexios profesionais .....	
Gastos administración e depósitos de valores .....	
<b>TOTAL GASTOS:</b>	
<b>RENDA FAMILIAR = DIFERENZA ENTRE INGRESOS E GASTOS .....</b>	
<b>3. MÍNIMO PERSOAL E FAMILIAR</b>	
<b>4. BASE LIQUIDABLE XERAL E ESPECIAL</b>	
Parte xeral da base imponible (logo da aplicación do mínimo persoal e familiar).....	
<b>5. RETENCIÓNS</b>	
Por rendementos do traballo .....	
Por rendementos do capital mobiliario .....	
Por arrendamentos de inmobles urbanos .....	
Por ganancias e perdas patrimoniais .....	
<b>6. COTA RESULTANTE DA AUTOLIQUIDACIÓN</b>	
<b>7. COTA DIFERENCIAL</b>	

**DECLARO** que todos os datos sinalados son certos e que o alumno non iniciou estudos de igual ou maior nivel que aqueles para os que solicita a praza.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_  
 (O CABEZA DE FAMILIA)

**SOLICITUDE DE PRAZA EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES**

(este xustificante non é válido sen o selo da oficina receptora)

ALUMNO (nome e apelidos)	
ENDEREZO FAMILIAR (completo)	
LOCALIDADE	PROVINCIA
Estudos e curso para os que solicita praza	

## INSTRUCCIÓN

- Rógaselle ao solicitante, no seu propio beneficio, que poña o maior interese en cubrir total e correctamente este impreso, xa que a omisión de datos ou a dilixencia incorrecta poden motivar a non tramitación da solicitude.
- Os cadros sombreados serán codificados pola Administración.

## DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR

- Fotocopia DNI.
- Fotocopia do IBI rústicos ou urbanos, excepto vivenda habitual.
- Documentos acreditativos de situacións de paro, invalidez, orfandade, etc.
- Copia compulsada da declaración da renda do ano 2004.

## I. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A.- Unha letra en cada cadro. Exemplo:

PRIMEIRO APELIDO															SEGUNDO APELIDO																																	
F	E	R	R	E	I	R	O								L	A	M	E	L	A																												
NOME															DNI					DATA DE NACEMENTO			PROVINCIA NACEMENTO																									
X	O	Á	N	A	N	T	Ó	N							3	3	0	5	8	9	3	6		0	9	1	0	7	0		_	OURENSE	_															
ENDEREZO FAMILIAR, RÚA, PRAZA, NÚMERO																														DÍA			MES			ANO												
I	G	R	E	X	A	5	2	º	A																																							
ENTIDADE DE POBOACIÓN															CONCELLO																																	
O	P	I	N	D	O										C	A	R	N	O	T	A																											
CÓDIGO POSTAL					PROVINCIA					TELÉFONOS DE LOCALIZACIÓN										(moi importante)																												
1	5	2	9	6						A	C	O	R	U	Ñ	A																																

- DATOS FAMILIARES.-** Unha letra en cada cadro. En xeral, os funcionarios receptores de solicitudes coidarán de que os datos sexan correctos solicitando dos interesados a documentación, para a súa comprobación, que consideren necesaria.
- PARA RESIDENTES.-** Esta certificación deberá ser cuberta pola alcaldía do concello ou entidade de poboación onde se resida, facendo as veces de certificado de empadramento e de convivencia.
- Para cubrir polas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Acordo do 23 de marzo de 2006, da Xunta Electoral da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, polo que se fan públicas as candidaturas proclamadas para as eleccións da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.*

A Xunta Electoral para as eleccións ao pleno da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación

de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 23 de marzo de 2006, en cumprimento do disposto no artigo 34 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e no artigo 13 do Decreto 116/1997, do 14 de maio, polo que se regula o réxime electoral das cámaras de comercio, industria e navegación de Galicia, adoptou os seguintes acordos:

1. Proclamar os candidatos nos seguintes grupos ou categorías, que a continuación se relacionan, que concorrerán ás eleccións o vindeiro 4 de maio: